

eu RAZO BALDAIO

Coñecer
para valorar

*Obradoiro de
biodiversidade
e roteiro
interpretativo*



Grupo Naturalista
Hábitat 



www.carballo.gal/euqueroRB

Obradoiro de biodiversidade e roteiro interpretativo



Fomentar na cidadanía un espírito naturalista e unha afán investigadora sobre o medio pode ser, ademais dunha actividade entretida para persoas de calquera idade e condición que desexen poñela en práctica (con beneficios físicos, e mesmo anímicos, derivados do contacto directo coa natureza), os mellores cimentos para comprender o mundo no que vivimos. En consecuencia, estas prácticas permitirán finalmente promover unha sociedade máis concienciada, achegada e respectuosa co seu patrimonio natural, froito do coñecemento da súa complexidade, diversidade, fragilidade e dependencia do bo estado de conservación de espazos e especies.



A natureza está chea de indicios (pegadas, plumas, pelos, ósos, e moitos outros), testemuñas da diversidade de fauna e flora da nosa contorna. O carácter eminentemente nocturno dalgúñas especies, o modo de vida discreto de moitas outras, ou simplemente o noso propio descoñecemento, fan que un gran parte da vida que nos rodea nos pase

desapercibida, a pesar de compartir espazo connosco. Así mesmo, limitados pola nosa propia capacidade de percepción do medio natural, adoitamos interpretar que aquelas especies presentes nunha determinada área son aquelas mesmas que, nun momento dado, somos quen de detectar voando, cantando, correndo, reptando, ou mesmo nadando ao noso carón. Nada máis lonxe da realidade.

A interpretación de indicios pódenos abrir os ollos a unha nova realidade, e co tempo e a experiencia, permitírnos comprender con maior detalle a diversidade biolóxica que acubillan os nosos espazos naturais. Así, atopar os restos dunha piña poderá darnos pistas sobre a presenza de roedores na contorna, aínda que non tivesemos a sorte de velos durante o seu período de actividade; o achado dunha exuvia aferrada á vexetación, nos permitirá comprender o hábitat propio de donceliñas e libeliñas; o seguimento e a identificación de pegadas sobre o substrato, nos permitirá coñecer

se antes ca nós pasou por alí mesmo un raposo no seu deambular, se foi unha lontra na procura de alimento, ou se pola contra se trata dalgún outro mamífero que, xa invisible aos nosos ollos, deixounos o seu rastro como mostra da súa presenza na contorna. Estes e moitos outros indicios, de especies tanto terrestres como mariñas, agardan por nós a ser descubertos.



O desenvolvemento deste obradoiro pretenderá, dun modo xeral, unha primeira aproximación e recoñecemento daqueles recursos axeitados para a práctica do naturalismo, co gallo de espertar un interese polos estudos de campo e a aplicación dunha metodoloxía científica. Explicaremos algunhas das técnicas empregadas para o coñecemento da diversidade biolóxica, mostraremos multitude de elementos que se poden atopar na natureza, e falaremos das ferramentas que temos ao noso alcance para mellorar o noso coñecemento sobre a flora e fauna silvestre. Todo nun nun espazo de conversa e posta en común, arredor dun posto expositivo, onde fornecer boas prácticas ambientais. Así mesmo, nun breve roteiro pola contorna, procuraremos dar uns primeiros pasos na procura e interpretación destes indicios, aproveitando o marco incomparable que nos ofrece o espazo natural protexido de Baldaio. Agardámosche!



Contidos:

Grupo
Naturalista
Hábitat

Edita:

Concello
de Carballo